



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

## EXTRACTO DE BASES SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E ACTIVIDADES FESTEIRAS NO MUNICIPIO

Extracto do acordo de 16 de maio de 2018 do Pleno do Concello de Nigrán, polo que se aproban as bases específicas de concesión de subvencións para o fomento do asociacionismo e actividades festeiras no municipio.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.3.a da Lei 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicase extracto das bases cuio texto completo pode consultarse na base de datos Nacional de Subvencións (BDNS):

<http://sede.nigran.org/public/bulletin/bulletin-details.xhtml?idtaskdata=5093340>

### 1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

*Regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades de fomento e consolidación do asociacionismo e festeiras que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.*

### 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

*Poderán solicitar as subvencións reguladas nas bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.*

### 3. CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO

*As axudas concederanse con cargo aos créditos orzamentarios que se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía, na que se especificará tamén a contía máxima destinada a aquelas.*

*A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.*

### 4. GASTOS SUBVENIONABEIS

*Na modalidade de fomento e consolidación do asociacionismo son gastos subvencionabeis os programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, segundo as bases da convocatoria.*

*En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

### 5. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

*A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva seguindo a seguinte orde entre as solicitudes admitidas, até que se esgote a partida orzamentaria.*

### **6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

*a)As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse de conformidade co previsto no artigo 66 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*b)O Prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*c)Será imprescindible presentar a solicitude de subvención nos modelos normalizados incluídos no anexos I a V incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a documentación sinalada nas bases da convocatoria.*

